

Unha conversa con Ramón Piñeiro

Deseño de cuberta: Miguel Vigo

1ª edición: maio, 2009

© Suso de Toro, 2009

© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2009

Dr. Marañón, 12. 36211 Vigo
xerais@xerais.es

ISBN:

Depósito legal:

Impreso en Rainho & Neves Ltda.
Rua do Souto, 8
S. João de Ver - Feira (Portugal)

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola Lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

crónica

Unha conversa con Ramón Piñeiro

Suso de Toro

XER AIS



Ramón Piñeiro ante si propio

Souben de Ramón Piñeiro desde rapaz, no Santiago daqueles días era unha presenza mítica entre a mocidade galeguista, algo así como o «vello da montaña» ou un oráculo, mais na fin do franquismo todo se radicalizou e a xente nova quere acción, coidei que non se me perdía cousa ningunha na famosa mesa de braseiro. A rúa ardía e o sangue novo non precisa da quen-tura das brasas.

Pasaron os anos, mudaron moitas cousas, e a investigación para un libro *Camilo Nogueira e outras voces (Unha historia da esquerda nacionalista)* levoume a pescudar os pasos do galeguismo e da esquerda por hemerotecas e arquivos e a entrevistar trinta e catro persoas, entre elas Piñeiro. Foi a entrevista máis demorada pois el era a chave para comprender os dilemas históricos do galeguismo tras a Guerra Civil e as viraxes que se deron e que marcaron a historia contemporánea da Galiza.

Ramón Piñeiro estaba xa tocado pola morte, mais aínda así atendeume e coído que para el aquela última entrevista representou a oportunidade de repasar a súa vida pública e asinar debaixo. Recibíume a súa dona naquel piso da Rúa Xel-

mírez que lle ofrecera Domingo García Sabell e fíxome pasar á salíña coa célebre mesa de braseiro. O piso estaba xa case vacío, as paredes espidas dos cadros que alí estiveran pendurados, estaban a abandonalo para marchar a recollese e rematar a viaxe da vida. Entrou Ramón Piñeiro, un home doente de face esmacelada mais con toda a súa enteireza, sentou e conversamos. Naquela salíña xa espida, falamos de frente. Non sei se hoxe lle faría as mesmas preguntas, de seguro que non falaría do mesmo modo, van case vinte anos e todos mudamos un algo, mais de seguro tamén que había querer del as mesmas respostas. E Piñeiro relatoume os pasos da súa vida, a boca seca, a súa dona a traerlle un vaso de auga e aquel home a detallar de xeito preciso e firme cada paso, cada decisión.

Nin daquela nin agora concordo con algunhas opinións e decisións fundamentais de Ramón Piñeiro, mais nin daquela nin agora descoñezo que foi un home valente, decente e que entregou a vida enteira á causa dunha Galicia mellor que a que encontrou. Os escritores imaxinamos as persoas semellantes a nós, complexos, contraditorios e máis ou menos volúbeis, un aprende algo cando se topa con alguén feito dunha soa peza, como coido que foi Ramón Piñeiro. Ouvíao falar e comprendía que non falaba para min, nin sequera para quen lese logo aquelas palabras, falaba para si pódose a si propio de testemuña. Ninguén se engane, Ramón Piñeiro non era un intelectual, o labor intelectual era a ferramenta dun home de acción. Ramón Piñeiro foi un guerreiro e estas son as palabras dun guerreiro.

Risco foi polos anos 30 a Alemaña e coincidiu cun momento no que había unha tensión social grande. Había unha forza comunista moi forte que logo machacou Hitler. El vía desfiles. E claro, os alemáns, aínda que sexan obreiros, desfilan en plan prusiano. E el viu aquelas cousas e quedou aterrado. Pero ademais, había aquelas teorías dunha gran licencia erótica, sexual, e vía aquel *relajo*, rapazas espidas...
veu escandalizado! Veu cheo de pánico. Isto é terrible, que vai pasar!
Non lle pasou máis o medo. A crise del foi a viaxe a Alemaña.
Safu do Ourense daquela época e meteuse naquela Alemaña...

RAMÓN PIÑEIRO

A posguerra

S. —*A disolución do Partido Galeguista non foi un erro, corrixido máis adiante, cando pula o nacemento de dúas organizacións galeguistas, unha demócrata cristiá e outra socialdemócrata?*

R. P. —Todo iso é un proceso. Os vencidos da Guerra Civil de toda España pensaban que se os aliados gañaban a guerra europea o futuro de España tamén se decidiría aí. Ao avanzar a guerra e afianzarse a vitoria aliada pensabamos que coa caída de Berlín caería Franco. Nos anos 40 reconstruímos na clandestinidade o Partido Galeguista cos superviventes, non tanto materialmente coma a través das persoas máis cualificadas e que tiñan azos para arriscarse. Tomamos contacto primeiro cos vascos e logo cos cataláns, que estaban moi desunidos. Os partidos democráticos estaban agrupados en Madrid na Alianza Democrática, o PC intentou pola súa parte todos os sectores con outras siglas. Ao final terminou ingresando na Alianza Democrática. Nós queríamos negociar con esas forzas democráticas e fomos alí, a Barcelona, a que se puxesen de acordo. E iniciamos negociacións con Madrid.

Paralelamente, Castelao en Buenos Aires, con bastante retraso, creou o Consello de Galicia. Foi unha idea de Aguirre, que estaba acollido polos americanos na Universidade de Nova York. Aguirre tiña o seu goberno. Aos cataláns fusiláranlles a Companys, tamén morrera o vicepresidente, tiñan tamén un baleiro. Logo apareceu Tarradellas. Pero non había Galicia. Aguirre cría que se os tres países nun primeiro momento asumían o poder serían o punto de apoio para a reconstrución democrática no estado. Era un pensamento político lóxico naqueles anos. O vicepresidente Wallace, xa cando se vía a vitoria aliada, dille que a postura americana é que se os españois reconstrúen as súas institucións democráticas, na Conferencia da Paz USA apoiará o recoñecemento desas institucións como as lexítimas. Mandárono a Europa con avión e visados especiais. Fracasou nesta primeira viaxe. Pero este camiño era recoñecer que non ía haber afundimento do réxime de Franco.

Aguirre escribiulle a Castelao para que constituíse o goberno galego. Castelao tardou moito porque tiña problemas. Primeiro, porque a representación lexítima de Galicia eran moitos deputados en diversos países. El só dispuña de catro alí, Alonso Ríos, Suárez Picallo, el e Villaverde. Formar un goberno galego só con eses catro parecíalle audaz. Aguirre animábao. El entón escribiu dúas cartas, unha a Otero Pedrayo e outra a Paz Andrade, vía vascos a París, Euskadi e Madrid, onde me foron entregadas. A Otero tremíalle a man ao collela cando lle dixen que era de Castelao. «Se é de Castelao é para todos.» E leuna. Decía que estaban traballando moito, pero «sen o respaldo de aí non podemos facer nada. Eu creo que aí ti, Gómez Román, Paz Andrade, Plácido..., podedes reconstruír o galeguismo e respaldarnos. Fainos falta a lexitimidade do respaldo do interior», decía. Nós xa reconstruíramos o PG. A Otero deixarámolo fóra da clandestinidade, como unha

persoa á que se lle consultaba. Falei con Cuevillas, militante entusiasta, Peña Rey, que fora represaliado, e escribímoslle unha carta respaldando a Castelao. Esta cara aparece citada nalgún discurso recollido no *Sempre en Galiza*.

Pero había un desfase entre o proceso de Aguirre en Norteamérica e o galego de Buenos Aires, porque cambiaran as cousas. O plan primitivo estaba desprazado polo plan americano. Nesta segunda fase íanse restablecer as institucións republicanas, parlamento, presidencia da república, goberno, goberno catalán e vasco. O problema galego é que non tiña o estatuto aprobado.

Nós, no interior, estabamos en negociacións coa oposición democrática. O problema era o mesmo, vascos e cataláns falaban en nome do seu goberno, pero os galegos non. E o Comité de Galicia era un comité de exiliados que non tiña valor representativo institucional. Ese era o gran problema. Foi unha batalla dura, pero inútil cos do interior. Non transixiron.

Ao rematar a guerra, na Conferencia de San Francisco, segundo me contou Aguirre, presentouse Negrín como presidente do goberno, xa que fora o último. Detrás foi Indalecio Prieto dicindo que aquel señor era un axente de Moscú. Despois ía Álvaro de Albornoz, que creara en México un comité de liberación nacional, a imaxe de De Gaulle, no que había representación de cada partido dos exiliados, como o verdadeiro presidente do goberno. Foi un espectáculo deplorable. Paralelamente Molotov, na conferencia, marcaba distancias cos aliados e empezou o distanciamento dos bloques. O problema español pasaba a segundo plano, porque se presentaba un problema novo, a actitude de Rusia. Castelao segue co seu goberno, pero xa non tiña peso ou valor político. Nós, no interior, en vista de que non se podía facer nada, seguíamos en contacto cos outros partidos. Os vascos falaban coas demais

forzas coma de estado a estado. Iso descompuña aos outros, socialistas e cenetistas. De maneira que eu actuaba de tradutor con eles.

A embaixada británica comunicoulle aos socialistas que non se podía inverter a situación, que os vencedores pasasen a vencidos. A única solución era que todos os españois fosen iguais perante a lei. Eles apoiarían esa normalización democrática. Eu convoquei a vascos e cataláns e contéillelo. Vin a Galicia e informei. Co apoio dos restantes partidos democráticos en Galicia, incluído o PC, fomos a París con vascos e cataláns a pedir ao Goberno Republicano no exilio que houbera un ministro galego, concretamente Castelao. Da mesma maneira que había un vasco e un catalán. Pero Aguirre quería que fose Portela Valladares. Tamén era o candidato do PCE. Lister era responsable dos guerrilleiros e da política galega, e creou en Toulouse unha organización republicana nacionalista galega. No nome desa asociación foron visitar a Portela e propoñerlle que fose ministro galego. Grazas a Irujo, porque Giral e Castelao tiñan mala relación persoal, conseguimos que aceptasen a Castelao como ministro galego do goberno.

A partir de aí comprobamos que non tiñan apoio internacional ningún. Giral díxonos que estarían agardando o momento oportuno para dar a orde dunha folga xeral revolucionaria e que caese Franco. Eles trasladaríanse a Madrid. Estaba na lúa. Nós regresamos moi desilusionados. Cando intento establecer o contacto no noso nome, dos vascos e dos cataláns, cólleme a policía e ingreso no cárcere.

No contexto da Guerra Fría España aumenta o seu valor estratéxico. Así que só quedaba por xogar a carta británica. E o ministro de Asuntos Exteriores británico chegou a convocar no seu despacho a Gil Robles, en representación do Rei, e a Indalecio Prieto pola República. Non se puxeron de acordo. Os que

estabamos informados pensamos que iso, no final da década de 1940, era a morte de calquera posibilidade de restauración da República. A República pasou a ser parte da Historia de España. A perspectiva era a continuidade de Franco, cada vez máis recoñecido polo Vaticano, por USA... A perspectiva política dos 50 era completamente distinta. O futuro era imprevisible. Era previsible nun plano xenérico: España era un enclave totalitario no medio dun mundo democrático e o mundo democrático tolera esta situación anómala, pero algún día terminará esta situación e España volverá ao mundo democrático...

E como estaba organizada a democracia en Europa? Había diversas ideoloxías. Cal é o futuro de Galicia? O problema do futuro é que, coma sempre, nos invadan eses partidos, o socialista, o gilroblista,... e que Galicia, de modo mimético, pase a ser absorbida pola política central. Cales eran os nosos problemas no ano 50? Primeiro, que xa pasaran catorce anos dende que estaba Franco no poder. Que a xente, da nosa xeración para arriba, estaba totalmente traumatizada pola Guerra Civil e non quería nin oír! falar de política. Aterrada. E non era para menos. Os que vivimos a represión e o terror, aínda que nós nos arriscasemos, comprendemos que o pánico era moi natural. As novas promocións de mozos estaban absolutamente desgaleguizadas, absolutamente. Ou estábanse a formar na mítica do Réxime, onde Galicia non existía.

Primeiro problema, facíase necesaria algunha forma de presenza pública de Galicia. Aí Xaime Illa foi quen concibiu a solución. «Nós non podemos crear ningunha organización que teña que pedir permiso á autoridade administrativa, porque nolo negan automaticamente. Temos que apoiarnos no código mercantil e constituír unha sociedade anónima.» Foi cando se creou Galaxia. A misión era darlle voz a Galicia, dentro das limitacións que puña a censura. Pero era un sinal que,

curiosamente, espertou atención porque, como había tanta xente antifranquista, calquera signo espertaba simpatía. Nese senso houbo moita receptividade, non reducido ao ámbito do anterior galeguismo, senón nas xeracións novas, que vían alí algo atractivo. Tiñamos que seguir na política clandestina por dúas razóns. Unha, porque a nosa presenza na resistencia era unha forma de estar reclamando os nosos dereitos como pobo, e dúas, porque era unha forma de estar informados do proceso político.

A acción política, polo tanto, bifurcouse na clandestinidade, que seguiu, e na actividade cultural, político-cultural, que era Galaxia. Todo iso durou vinte e cinco anos, do 50 á morte de Franco, no 75. Por outra parte, no 50, Otero Pedrayo gañou a cátedra de Xeografía e veu para aquí. Eu tamén vin para aquí, Santiago era o lugar onde confluía a mocidade galega e a nós interesábanos moito o trato coas novas xeracións.

Nesa política galaxiana propuxémonos dous obxectivos: un, sensibilizar a opinión, e outro, cos rapaces universitarios, limitarnos a espertar a súa conciencia e responsabilidade como galegos, e a súa conciencia democrática. Pero sen vincularlos a ningunha causa partidista. No momento oportuno xa o decidirían eles. O que a nós nos interesaba era que as novas xeracións fosen galeguistas por razóns éticas, tivesen lealdade ao seu país. Que estivesen preparados para a democracia, pero en plena liberdade ideolóxica para escoller eles a súa, porque irían a ela coa súa galeguidade. Nos anos 60 empezouse a politizar a universidade, había cristiáns de varias tendencias, todas as formas de marxismo.

Un exiliado, tío do Calviño, amigo de Largo Caballero, púxose en contacto comigo e convidoume a ir a París. Alí había socialistas vascos, cataláns... El era español, e estaban planeando un socialismo federal. Como base para un estado

federal. E había unha tensión con Llopi, o do PSOE. Asistín a unha reunión e escoitei. Calviño preguntoume se coñecía xente en Galicia que fose socialista con sensibilidade federal e se lles podía explicar a idea. «Claro que podo.» Eu coñecía xente que xa se ía decantando, uns con sensibilidade demócrata cristiá, outros máis ben socialdemócrata, como Rodríguez Pardo... Volvín e expliquéillelo a uns e a outros. E interesoulles. Acompañéinos a Madrid a presentarlles xente do interior, acompañéinos a Italia, a Alemaña... Aos demócrata-cristiáns acompañéinos cos cataláns e cos vascos. Pero non entrei en ningún dos partidos. Por unha razón, considerabamos que Galicia non tiña institucións propias representativas e os partidos representaban sectores; convíña que Galaxia, a batalla cultural, quedase á marxe das batallas de partidos. Ademais, a medida que avanzaba o tempo, a presenza da cultura como política ía aumentando. Esa é a razón de que eu non estivese en ningún partido.

Agora ben, o problema que presenta Camilo é o do PG. Eu vivín na década de 1930 o que foi o PG, e gocei do privilexio de ser amigo persoal de todas as figuras: Bóveda, Castella, Otero, Villar Ponte, Plácido Castro... Era un partido tremendamente minoritario, cunhas grandes figuras de moito prestixio cultural que lle conferían aureola ao partido. Pero a presenza e forza social era pouca. Co tempo podía tela. Porén fixo un labor historicamente transcendente, que foi ter a habilidade e a tenacidade de mobilizar os medios para levar adiante o estatuto, para plebiscitar o estatuto... Foi unha vida curta pero frutífera. Pero os que vivimos politicamente os anos 30, e logo a guerra e a posguerra, sabíamos da apatía política do pobo galego.

Cos corenta anos de franquismos reinstaurouse o sistema caciquil de Cánovas, cámara social agraria, o alcalde, todo o

poder durante corenta anos. E non había ideoloxía de ningún tipo. Xa lles podías ir falar de nacionalismo. No ano 31 os galeguistas renunciaron ao nome de Partido Nacionalista Galego e cambiárono por Partido Galeguista, precisamente porque o anterior non tiña receptividade e o outro tiña máis apertura. Nós non tiñamos medios e o nivel de sacrificio noso para facer o que fixemos foi grande. Un partido na clandestinidade non tería máis de dúas ducias de adeptos. Ademais, se ti cerras o galeguismo nun partido o resto dos partidos desenténdense. Ese partido automaticamente é clasificado como de dereitas ou de esquerdas e queda como un partido testemuñal máis no mapa político do país. Isto era o que había que evitar! O galeguismo tiña que ter atractivo, influencia.

Veu a democracia, crearon o Partido Galeguista, incorporáronse aí todos os vellos galeguistas, quedamos fóra tres ou catro, incorporouse xente nova, tiñan o apoio dos vascos... Que pasou? En que quedou?

S. —*Hai un problema político para calquera proxecto de dereita galeguista: os escasos apoios da burguesía e da pequena burguesía para un proxecto así. Tería que ser o produto da confluencia dos esforzos de todos os interesados nesa liña política. Non debera quedar fóra ninguén. A esquerda nacionalista ten maior viabilidade polo apoio dun sector do movemento obreiro e de traballadores.*

R. P. —Claro. Ese é o problema. É coñecer ou non coñecer o país. E non queriamos esganar o ideal galeguista nunha confrontación electoral destinada ao fracaso.

Consello da mocidade. Nacionalismo anos 60 (Ramón Piñeiro)

En canto ao Consello da Mocidade... Aquí estábanse creando agrupacións culturais, «O Galo», «O Facho»... onde estaba a xuventude. En Madrid había un grupo, máis ou menos os do «Brais Pinto», que eran marxistas. Luís Soto, que fora secretario de Castelao, viña todos os anos de México co pretexto da revista Vieiros, pero traía misión política. El era comunista de toda a vida. Viña recoller información. Todos os anos comiamos xuntos. Este conectou cos de Madrid. Seoane tamén conectou. Este grupo, como era leninista, rebelde... O Ferrín, segundo contaba nun artigo no Faro, indo por Francia en tren coincidiu cun alxerino que lle abriu os ollos sobre o nacionalismo marxista e tal. Nese grupo había algún que era galeguista pero non marxista. E suxeriron que había que empezar a atacar a Galaxia e a Piñeiro. O pobre de Patiño dixo, «Home, a Piñeiro non».

S. —*Cal era a discrepancia política?*

R. P. —*Verás, supoñendo que eu fose o cerebro, eles dicían «hai que empezar a desacreditar». E publicou este Herminio*

Barreiro aquí, no Correo Gallego, algúns artigos críticos sobre Galaxia. Pero planearon a «Operación Paloma Mensajera». Decidiron que o executor apropiado desa operación, pola súa condición de galeguista e escritor recoñecido era Ferrín. Este veu, visitou os distintos grupos dos mozos e expúxolles o seguinte: «Galaxia representa o galeguismo do pasado. A nosa responsabilidade é o galeguismo do futuro. Hai que romper isto, agruparnos e ter iniciativa propia». E fixeron unha reunión na Coruña e dúas en Lugo, na casa de Ferrín. Pero dos rapaces que asistían algúns eran incluso demócrata-cristiáns, pertencían a unha ou outra asociación cultural, e empezaron alarmarse porque non o vían claro.

Empezaron os receos. Eu non lles dixen nada, aínda que estaba informado, porque nesas cousas é mellor que cada un reaccione só, segundo a propia mentalidade. Pero empezaron a vir por aquí, «porque habemos romper a colaboración e a continuidade...» Ao final houbo rexeitamento e disolveuse. O Consello da Mocidade foi unha tentativa dese sector de atraer toda a xuventude e englobala nun movemento radical. É dicir, radicalizar o galeguismo, o que logo foi a UPG. Era a primeira tentativa da UPG.

Liñas no galeguismo

S. —*Baixo o meu punto de vista, marxista... Porque eu son marxista...*

R. P. —Nada, home. Eu sempre tiven moitos amigos marxistas. Contra o que sentía un rexeitamento moral era contra o estalinismo. Aínda que o propio Franco axudaba a crear comunistas e estalinistas, porque todo o xustificaba no anticomunismo. Todo o que fose contra Franco tiña que... Pero xa nos anos trinta tiña amigos trosquistas, do PC, e nunca tiven problemas. Lorenzo Varela por exemplo...

S. —*Era un poeta moi bo.*

R. P. —Si. Pois era trosquista. Dábame papeis a gardar... Nunca tiven problemas pola ideoloxía. Unha cousa é a persoa e outra a ideoloxía.

S. —*Pois iso, baixo o meu punto de vista penso que este galeguismo dos anos 60, tanto o do PSG coma o da UPG, é moi continuador dunha das liñas do Partido Galeguista. Eu creo ver unha liña, ou un estilo, en persoas como Castelao ou Bóveda ou*

Paz Andrade, que sería un galeguismo en relación coa sociedade, mesmo coa industria nalgún caso concreto. Unha actitude práctica. E logo vexo outra liña máis «literaria» que vén da man, e non é casualidade, dos homes do interior, de Ourense, Risco ou Otero Pedrayo. Que proceden da fidalguía, dos señores da terra. Este sería un galeguismo moi conservador e moi culturalista. E creo que a liña que se continuou foi esta última. Vexo no galeguismo dos partidos creados nos anos 60 a sombra de Otero Pedrayo. Esa idea literaria da fidalguía, como clase social. E sobre todo como elite cultural. Esa exaltación do individualismo narcisista, fidalga ou pequenoburguesa.

R. P. —Mmmmm. Pois mira... Está ben razoado. Eu comparto contigo esa interpretación de dúas mentalidades. Iso é absolutamente certo, porque eu ademais coñecíaos. Aínda que podíamos facer matices nas persoas. Creo que a influencia de Otero a esas alturas non che foi política. Foi máis ben literaria, estética...

S. —*Si, pero influía na cultura das persoas e das organizacións ou nas ideas que crearon...*

R. P.—Pero politicamente o que influíu foi Castelao. Porque tanto en América coma aquí utilizabamos o libro de Castelao. Houbo un momento, a principios de 1950, en que pensamos en actualizar o pensamento do galeguismo. Xa pensando en Europa. No federalismo como fórmula, non no nacionalismo endogámico. E eu mesmo empecei a escribir algo. Aquí non se podía publicar, había que publicalo en América. Pero en América, sobre todo Prada, tiña unha sacralización absoluta de Castelao. Por exemplo, nós pensamos que era conveniente facer unha sinopse biográfica e unha antoloxía de textos dos distintos galeguistas. Empezar en Faraldo, Brañas, Vilar Ponte, Castelao... para que circulase por aquí e

os rapaces tivesen unha imaxe de toda a historia do galeguismo. Pero en América negáronse. Querían que se utilizase só o *Sempre en Galiza*. En vista diso, nós pregámonos e usamos o *Sempre en Galiza*.

S. —*Pero fíxese que todas estas persoas, mozos galeguistas a principios de 1960, son xente de letras. Do que era a facultade de Filosofía e Letras e mais de Dereito. A ideoloxía de Otero estaba atravesada polo culturalismo, e era moi metafísica. Unha Galicia cósmica e eterna nas esencias. A seiva nutricia cultural que Otero transmitiu era ese galeguismo...*

R. P. —Si. Eu penso que iso é certo. E é que naquel momento a figura de Otero en Galicia era desbordante, apabullante. Mesmo humanamente, pola súa xenerosidade, humildade, sinxeleza. Anque tiña un señorío espontáneo no senso de elegancia, cortesía, en cambio era un home sinxelo. Moí cativador humanamente. Pero, claro, a maxia da súa palabra, da súa personalidade, da súa obra... Esa preocupación socioeconómica representábaa Bóveda nos anos 30. Por iso tivemos nós tanto interese en publicar o libro de Beiras...

S. —*Si, pero creo que ese libro axuda a seguir interpretando Galicia da forma tradicional.*

R. P. —Pero daquela, que tiñas? E ademais, mira, daquela foi eficaz. Outra cousa distinta é o núcleo da análise. Iso é á parte. E creamos unha revista de economía, a primeira que houbo. Nós non estabamos tanto nesa órbita celeste. quen pensaba moito na economía era Illa Couto. Ese si.

«Realidade Galega» (Ramón Piñeiro)

«Realidade Galega» durou un par de meses. Creouse para axudar a resolver o problema do estatuto galego, que estaba entrampado. Chegou un momento en que galeguistas de Santiago, da Coruña..., empezamos a recibir cartas preocupadas pola marcha do estatuto. Ao haber tanta oposición, contra a «aldraxe»..., ao comprometerse todos os partidos a non apoiar o referendo, o goberno non se atreveu a fácelo. O caso é que chegou un momento en que estaba todo parado, nin para atrás nin para adiante. E a xente empezou a preocuparse. Nós sentimos a necesidade de dar resposta a esta situación. A resposta foi reunir vinte e tantas sinaturas, calculabamos, de xente que non pertencese a ningún partido e que fose de ideoloxías e profesións diversas. E facer un documento que tranquilizase esa inquietude por Galicia.

O segundo paso foi recibir cartas dicindo que había que desbloquear o estatuto. Nós fixemos un segundo comunicado onde se dicía que Galicia era unha nacionalidade histórica, que o nivel autonómico que lle correspondía fora rebaixado arbitrariamente. É dicir, que o estatuto elaborado pola asemblea de parlamentarios

fora degradado. E o pobo galego rexeita esa discriminación. A única saída é que os responsables da situación, o goberno, devolvan ao estatuto o contido autonómico que lle corresponde. E xa non fixemos ningunha declaración máis. Nin celebramos ningunha outra reunión.

A partir de aí o goberno empezou a preocuparse, Pío Cabanillas trouxo a veranear a Suárez ao Grove co fin de abordar este problema. Tiveron reunións e entrevistas e, ao final, acordaron mellorar o estatuto. Reuníronse os partidos no Hostal, déronlle o contido que lle faltaba, enviouse a Madrid e aprobouse. Nunca máis falamos nós de «Realidade Galega». Falaban os xornalistas, falaba cada un... Pero nós, nada.

S. —*Pero queda un aspecto interesante en R. G. Naquel momento había forzas políticas galegas, de esquerda. Existía Unidade Galega. E na actitude de vostedes hai unha desconfianza no papel ou capacidade destas forzas políticas. Unha valoración alta do valor político dalgunhas persoas individuais e unha desconfianza nos colectivos.*

R. P. —*A realidade é moito máis simple. Os partidos eran belixerantes contra o goberno, estaban enfrontados. Era necesario que en Galicia houbera unha voz fóra desa dialéctica e que propuxese unha saída.*

S. —*Aí vou eu. Aí hai un problema. A nosa é unha sociedade prepolítica, no senso contemporáneo da política, aínda non estruturada politicamente. E iso maniféstase tanto na actitude dos intelectuais, que quedan fóra dos partidos, nunha especie de limbo de pureza, coma na reticencia da sociedade a definirse en partidos. Isto non pasa en Cataluña, por exemplo, onde é o máis normal que cada un teña o seu partido. Aquí os partidos son catro gatos e da maior parte da xente non sabes exactamente con que*

partido se identifica ou que pensa. Porque teñen bo coidado de que non se saiba. En vez de tanto intelectual apartidario bailando polo medio na política eu creo que o educativo é que a sociedade se exprese a través das súas organizacións e partidos. Hai que estar dentro dos partidos e deixarse de lerias, e teñen que ser os partidos os que atopen as saídas.

R. P. —Si, pero iso dificultaba a solución, porque estaban en guerra. Ademais, non sempre as posturas dos partidos son tan lúcidas. E nós fixemos o que en conciencia pensamos que debiamos facer, pero só durou dous meses.

Galeguistas no PSOE (Ramón Piñeiro)

S. —*A continuación vostede, Carlos Casares, Alfredo Conde e Benxamín Casal incorporáronse ás listas do PSOE. Iso creo que revela un pesimismo histórico. Vostedes non cren posible a existencia de forzas políticas galegas.*

R. P. —Houbo un colectivo de xente, socialistas galegos, que cando viron que o PSG estaba en vía morta se incorporaron ao PSOE coa intención de apoderarse del en Galicia.

Puxeron como secretario a Paco Vázquez, pero eles controlaban o partido. E fíxate ben, había un compromiso do PSOE co goberno, unha vez que se aprobaron os estatutos catalán e vasco para «racionalizar» o proceso autonómico. E empezaban no terceiro, en Galicia. O cuarto era Andalucía. Aos socialistas resolválles o problema Galicia. Aquí Suárez dixo, «en Galicia non hai problema, que alí somos nós». Claro, politicamente eran eles. Así que lles saía redondo.

O que pasa é que eles acordaran no anterior congreso que os problemas intrarrexionais tiña capacidade para decidilos cada organización. Cando eran problemas relacionados co

Estado tiñan que pasar polo Comité Federal. Utilizando este acordo, Ceferino Díaz estivo en Madrid controlando todo o debate do estatuto. E Guerra, que levaba o compromiso de votar coa UCD o texto do estatuto, non o puido votar porque o PSOE de Galicia se opuxo. Tanto que despois Martín Villa llo reprochou no parlamento, «Vós non cumpristes o pacto do estatuto galego». Isto creo que foi bastante grave para Cefe. Penso que o pagou dentro do partido.

Quéroche dicir que, naquel momento, o PSOE galego era o que tiña unha postura máis eficaz, a máis autonomista... Nese momento veñen a vernos Cefe e Paco Vázquez e dixeron, «Galicia vai ter por primeira vez na súa historia un parlamento propio. Nós cremos que nese parlamento debe de estar presente a reivindicación histórica dos dereitos de Galicia. E ofrecemos catro postos, un por provincia, con carácter de ‘galeguista independente’ na papeleta e con liberdade de voto. Ademais, temos outra razón, xa interesada. Nós, como partido político de Galicia, temos a obriga de colaborar na construción da autonomía e, como partido socialista, temos a obriga de defender os intereses do sector social que representamos. Esta segunda obriga pode entrar en conflito con outras forzas e bloquear na lexislatura a colaboración autonómica. E sabemos que habendo un núcleo de galeguistas independentes hai sempre unha garantía de mediación». Esta foi a oferta, e facíaa un partido socialista galego que prestara un servizo político enorme a Galicia bloqueando que o PSOE votase o estatuto rebaixado. Nesas condicións fomos ao parlamento. Non era por ser deputados, que a ningún de nós nos interesaba.

Felizmente resultou moi útil. Porque ocorreu que había persoas coñecidas, como Camilo Nogueira ou aquel Geluco, comunista, pero todos os grupos, incluso xente descoñecida, de AP, de UCD, desde o primeiro día mostraron unha gran

cordialidade con nós. Eramos como o terreo común. E o proceso de galeguización do primeiro parlamento foi case espectacular. É evidente que a nosa presenza dalgún modo contribuíu.

S. —*Non discuto iso, pero refírome a que era apostar por forzas políticas estatais, no canto de apoiar e fortalecer as propias.*

R. P. —É que naquel momento había un socialismo galego. Era preciso afianzalo.

S. —*Vostedes xulgaron que o PS de G-PSOE era realmente un partido soberano.*

R. P. —Érao realmente. O cristo foi co da capitalidade. Aí Paco Vázquez púxose histérico e, ademais, dimitiu. Ao dimitir o secretario xeral houbo que convocar un congreso extraordinario e elixir outro. Os de Madrid apoiaron a Paco. Por pouca diferenza gañaron eles. Pero ese cambio foi posterior, non cando nós fomos nas candidaturas. Daquela era un partido socialista galego.

